

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS que, como lei fundamental do contrato, rexerá na contratación tramitada para adxudicar, mediante procedemento aberto, o contrato de subministro de " CONTROL DE ACCESOS A CASCO HISTÓRICO DE TUI", contrato mixto (obra e subministro).

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.- A finalidade do contrato é proceder á instalación de diversos disuadores de paso nos accesos ó Conxunto Histórico de Tui, de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico municipal así como autorización emitida pola Consellería de Cultura - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Con data 25 de setembro 2013 se recibe neste concello vía fax resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación ao proxecto de control de accesos ao casco histórico de Tui, asinado polo aparelador municipal José María Melero González, con data xuño 2013. Na referida resolución a Consellería resolve autorizar ao referido proxecto, condicionado á realización dun control arqueolóxico dos traballos de movementos de terras, polo que, antes do comezo das obras, deberase presentar (por duplicado) un proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

2º.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.- Se procede á realización da presente actuación coa previsión de protexer-lo Conxunto Histórico Artístico existente mediante o control de acceso rodado a vehículos autorizados.

3º.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN.-

- a).- Orzamento base: 54845,88€.
- b).- Cantidade correspondente ó I.V.E: 11.517,63 € .
- c).- Orzamento total execución contrata: 66.363,51 € .

Neste prezo se inclúe todo tipo de impostos, anuncios e gastos de formalización de contrato (se procede), así como gastos de transporte e os necesarios para instalación e uso dos dispositivos.

4º.- PRAZO DE EXECUCIÓN.- O prazo de execución será de 1 mes, de conformidade co proxecto técnico redactado.

5º.- APLICACION ORZAMENTARIA.- Se emite RC pola Intervención municipal de existencia de crédito, con cargo á partida 2013/1/3366090201 do orzamento en vigor.

6º.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerá polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se contradiga co texto refundido.

Ademais, ten carácter contractual:

- Proxecto técnico redactado ao efecto polo arquitecto técnico municipal.
- O presente prego de cláusulas administrativas.

7º.- PROCEDUREMTO DE ADXUDICACIÓN.- O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, de conformidade co art. 157 e concordantes para este tipo de contratos.

8º.- CLASIFICACIÓN ESIXIBLE.- Dado a contía do contrato non se esixe clasificación, os que a presenten clasificación relacionada coa actividade a desenvolver quedarán exentos de presentación de solvencia económico-financiera, de conformidade coa lexislación vixente.

9º.- GARANTÍAS ESIXIBLES.-

- **GARANTÍA DEFINITIVA.-** Equivalente ó 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE e por calquera dos medios a que e refire o art. 96 do Texto Refundido.

10º.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.- A documentación para as licitacións presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorren e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, nas oficinas de Secretaría, en horario de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres e de 9,00 a 13,00 horas os sábados entregándolle ó presentador como acreditación xustificante de presentación.

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora do remate do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibir a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

11º.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.- As propostas presentaranse en DOUS sobres:

SOBRE NÚMERO 1.- Conterá, de conformidade coa lexislación vixente, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados Membros da Unión Europea se acreditará pola súa inscrición no rexistro precedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores se deberá incluír poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade dos apoderados.

3º) Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación.- Se trata dun contrato para o que non se esixe clasificación.

5º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluírá a manifestación de estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario adxudicatario. *(Anexo II)*

6º) Acreditación da solvencia económica-financeira e técnica: Se acreditará mediante os seguintes extremos:

7º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación: A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario acreditarase, a criterio do órgano de contratación, en función do obxecto do contrato, do seu importe e das súas características por un ou varios dos medios seguintes:

- Solvencia financeira:

- Solvencia financeira:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais .

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non teñan obriga de presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida no que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

- Solvencia técnica e profesional: A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios, de conformidade co art. 77 do TRLCSP:

a) Relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Os subministros efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c).- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d).- Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo de dito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados emitidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

8º) Documentación adicional esixida a tódalas empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se execute en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponder ó licitante.

9º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e o número de teléfono e fax.

10º) Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do Texto Refundido, deberán os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora

está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4º do Texto Refundido.

B) SOBRE Nº 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do IVE. A oferta económica se presentará conforme ó *Anexo I*.

12º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS.- O prazo de presentación será de quince días a contar dende a publicación do anuncio de licitación na *páxina web* do concello (*concellotui.org*) e no Boletín Oficial da Provincia.

As propostas dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como o proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e se arbitrarán os medios que garanten tal carácter ata o intre no que se proceda á súa apertura .

Cada licitador non poderá presentar máis de UNHA OFERTA, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

13º.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.- Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación.

1.- CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

A. PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 10 puntos.

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que proboñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - \text{a} - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

V_i : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

Deberá deixarse constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para súa aceptación ou rexeitamento aplica **Criterios de desempate**:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Sexta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualen, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

14º.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.-

Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propoñerá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria si é inferior ao prezo de licitación en máis dun 10% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 10%.
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 10%
- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 5% da devandita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 5% desta. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 10%.
- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 5% da devandita media. Mentres, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 5% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 10%.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

15º.- CONFIDENCIALIDADE.- Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó realizar as propostas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Do mesmo xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba tratarse como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

16º.- REVISIÓN DE PREZOS.- Non cabe revisión de prezos dada o tipo de contrato.

17º.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS OFERTAS.-

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas se nomearán as persoas que formarán a Mesa de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, apartado 10, do Texto Refundido da LCSP.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146 do Texto Refundido da LCSP efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto, en sesión non pública. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

A Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

O Presidente: O Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.

Vogais: O Técnico municipal.

A secretaria do concello.

O interventor do concello.

O concelleiro de Facenda e Patrimonio.

O concelleiro de Conxunto Histórico e Rehabilitación.

Secretario da Mesa: Un funcionario do concello designado ó efecto.

b) Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre nº 1, o comunicará verbalmente ós interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen. Do actuado se deixará constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, a mesa declarará admitidos á licitación ós licitadores que teñan acreditado o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 146 do Texto Refundido procedéndose, no seu caso, ó exame e valoración da solvencia, conforme se prevé no artigo 82 do Regulamento xeral da LCAP, facéndose declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Unha vez realizadas estas actuacións, o acto público de apertura das proposicións celebrarase nun lugar e día que previamente se sinalase observándose no seu desenvolvemento as formalidades previstas no art. 83 do Regulamento xeral da LCAP.

O técnico municipal emitirá informe de avaliación das proposicións presentadas e mellor proposta económica, en base ós criterios de adjudicación do contrato, indicando a puntuación segundo cálculo proporcional, outorgándose á empresa que mellor oferta realice a maior puntuación e os restantes en proporción a ésta, que se elevará ó órgano de contratación ós efectos de adjudicación provisional.

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adjudicación ó órgano de contratación.

18º.- REQUISITO DA DOCUMENTACIÓN.- O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requisito, presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos)

19º.- RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECCIÓN DA OBRA E DELEGADO DE OBRA.- O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 52 do TRLCSP.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada nas obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

20º.- RECEPCIÓN DO CONTRATO.- O subministro e instalación nas zonas indicadas no proxecto técnico recepcionaranse no prazo establecido na proposta económica presentada e de conformidade coas prescricións técnicas aprobadas. Dos bens subministrados así como traballos executados realizarase a correspondente acta de recepción e entrega, da que se dará traslado ó Servizo correspondente para a súa inscrición no Inventario de Bens.

Cando o subministro non se atope en condicións de ser recibido, farase constar expresamente na acta, dándose instrucións ó contratista para que proceda a un novo subministro.

Cando a subsanación non se realice, será obxecto de resolución do contrato por parte da Administración .

De conformidade co art. 292 do TRLCSP o adjudicatario non terá dereito a indemnización por causa de extravío, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ó recibilos.

No relativo ó proceso de fabricación do subministro se estará ó disposto no art. 295 do TRLCSP

21.- SUBCONTRATACIÓN.- A subcontratación rexerese polo disposto no art. 227 do TRLCSP e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

22.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.- Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. En ningún caso poderá afectar ás condicións esenciais do contrato.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do mesmo ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 172 do TRLCSP.

Non obstante, serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que produzan aumento, redución ou supresión de unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica po outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución do contrato, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización.

As modificacións do contrato formalizaranse conforme ó disposto no art. 156 do TRLCSP.

23.- RÉXIME DE PAGAMENTOS.- O pagamento realizarase contra certificación de obra dos traballos e subministros realizados, acompañada de factura e previa presentación en prazo e emitida acta de recepción positiva, a cal terá que ser conformada pola concellería de área, e aprobada por Resolución da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local.

A factura deberá incluír, sen prexuízo do contido mínimo establecido no Real Decreto 1619/2012, os seguintes datos:

- Identificación do órgano de contratación: Alcalde de Tui (delegado en Xunta de Goberno Local por resolución de 4 de xullo de 2011).

- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade Pública: Concellería de Facenda – Departamento de Intervención.

- Identificación do destinatario: Concello de Tui; C.I.F: P/3605500-B; Dirección: Praza do concello nº1 CP 36700.

24º.- GARANTÍA DEFINITIVA.- O que resulte adxudicatario do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe da adxudicación, excluído IVE.

Esta garantía poderá presentarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban xurdir efectos, nas forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou cancelará ata que se produza o remate do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

(En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer, ademais da garantía definitiva, que se preste unha complementaria de ata un 5% do importe de adxudicación do contrato, o que abrangue a garantía un 10% do importe do contrato.)

25º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á da recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que poida admitirse de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá motivarse e notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarase no perfil do contratante da páxina web do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

* En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a proposta.

* Con respecto ós licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a oferta.

* En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que foi seleccionada a oferta de este con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores do conxunto das ofertas que se admitiron.

* Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que se debe proceder á súa formalización.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

26º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A Administración e o contratista formalizarán o contrato dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato administrativo poderá realizarse en Escritura Pública a petición do contratista e a súa costa.

A formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 154 do texto refundido publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación e no Boletín Oficial da Provincia, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

27.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- A recepción do contrato rexerese segundo o establecido no art. 235 do TRLCSP .

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª).- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír a súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- 2ª).- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- 3ª).- O cumprimento das condicións de execución.

28º.- DEMORA NA EXECUCIÓN OU INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.- Estarase ó disposto no artigo 212 e concordantes do texto refundido.

29º.- PRAZO DE GARANTÍA.- Dadas as características do contrato a realizar, o prazo de garantía será de dous anos dende a data de remate do contrato).

30º.-GASTOS POR CONTA DO ADXUDICATARIO.- Serán por conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- Os tributos estatais e autonómicos que deriven do contrato.
- Os de formalización pública do contrato de adxudicación.
- Os gastos de publicidade de licitación e adxudicación.
- Transporte e tódolos derivados da súa instalación e posta en uso.

31º.- PENALIDADES.- Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previas a continuación:

a).- Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderá abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, no concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212 do Texto Refundido.

O incumprimento polo adxudicatario das condicións de execución poderán verificarse polo órgano de contratación en calquera intre durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción do subministro.

b).- Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se os bens no se atopan en estado de ser recibidos, farase constar así no acta de recepción e se darán as instrucións precisas o adxudicatario para que, subsane os defectos observados e proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, de se-lo caso poderán abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista das obrigas que legalmente lle incumben no que respecta á reparación dos defectos.

c).- Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ó contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato ou ó tempo da súa recepción, apréciase que, por causas imputables ó contratista, incumpríuse algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non fose a mellor valorada.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, neste caso poderán abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d).- Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, se estará ó disposto no artigo 212 do Texto Refundido no relativo á imposición destas penalidades.

32º.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.- A resolución do contrato se rexerá polo establecido con carácter xeral nos arts. 222 a 225 da TRLCSP e especificamente para o contrato de subministros nos arts. 299 e 300 do TRLCSP.

En todo caso, no caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista, se estará ó disposto no art. 225 do Texto Refundido.

33º.-XURISDICCIÓN COMPETENTE.- As cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polos órganos de contratación e as súas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, de conformidade coa referida lei.



Tui, 27 de setembro de 2013.

OALCALDE

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don..... ,
maior de idade, veciño de con enderezo en , en nome propio ou da
empresa a quen represente , con enderezo en
..... , NIF: , conforme acreditado
con Poder verificado, tendo coñecemento do procedemento para a contratación do subministro de
".....", comprométese a realizalo de conformidade co prego de cláusulas
administrativas particulares e prescricións técnicas e demais documentación que corresponda, pola cantidade en
euros que se enumera a continuación:

Oferta económica

CANTIDADE EN LETRA

SEN IVE:

21% IVE:

TOTAL CON IVE:

CANTIDADE EN NÚMERO

SEN IVE:

21% IVE:

TOTAL CON IVE:

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do IVE, a teor do disposto no art. 25 do Real decreto 1.624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no art. 145 do Texto Refundido da LCSP.

..... de de

(Lugar, data, sinatura e selo do licitador).

ANEXO II

MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE

Número de expediente:
Denominación do contrato:
Data da Declaración:

D. , con DNI , e enderezo en , nº , cp , empresa
adjudicataria do contrato

DECLARO RESPONSABLEMENTE que o asinante da declaración como empresa adjudicataria do contrato está incurso en suposto ningún de prohibición de contratar ós que se refire o artigo 60 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

DECLARO RESPOSABLEMENTE *estar ó corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas coa Xunta de Galicia e o Concello de Tui.*

AUTORIZO ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen precisos para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

DATOS DO DECLARANTE:

Empresa:
NIF:
Fax:
Correo electrónico:
Nome:
Apelidos:
Cargo:

Sinatura do representante da empresa:

Asdo: D.....